

# PRESENTACIÓN DO LIBRO

Presentación o mércores 8 de xuño de 2011, ás 20.00 h,  
na Biblioteca de Poesía “Uxío Novoneyra”  
(Pazo de Vila Melania, Vilaboa).

**Participan no acto:**

**Celestino Poza Domínguez, concelleiro de Cultura.**

**Miguel Anxo Fernán Vello, poeta e editor.**

**Diana Varela Puñal, autora.**


Edificio de Servizos Múltiples (O Burgo)

Tfno: 981665597 Fax: 981661748

Email: [servizosmultiples@gmail.com](mailto:servizosmultiples@gmail.com)



Biblioteca de Poesía  
*Uxío Novoneyra*  
Vila Melania - Vilaboa



***ANIMAL ABISMO,***  
**DE DIANA VARELA PUÑAL**

## Presentación

Como colofón da programación de primavera da Biblioteca de Poesía “Uxío Novoneyra” de Vilaboa, acollemos a presentación do poemario *Animal abismo*, de Diana Varela Puñal, publicado pola editorial cullerdense Espiral Maior, e segundo libro publicado por esta autora.

Será un pracer que nos acompañen neste fermoso evento literario na compañía de Diana Varela, unha das novas e prometedoras voces do panorama poético galego.

Celestino Poza Domínguez  
Concelleiro de Cultura

## Datos biográficos

Diana Varela Puñal naceu na vila mariñeira de Corme (Ponteceso, A Coruña). Aos 14 anos trasladouse á Coruña. Licenciada en Dereito pola Universidade de Santiago, profesionalmente exerce na actualidade como avogada na cidade da Coruña.

Confésase ávida lectora da poesía de Uxío Novoneyra, Rosalía de Castro, Luís Pimentel ou a Xeración do 27. Algúns dos seus poemas viron a luz na revista *Xistral* de Lugo, no *Anuario Brigantino*, de Betanzos, en *Ferrol Xurídico* ou no xornal *El Correo Gallego*. Colabora tamén no xornal *Galicia Hoxe*.

O seu primeiro poemario publicado, *Fíos*, obtivo o Premio de Poesía “Uxío Novoneyra”, convocado polo Concello de As Pontes de García Rodríguez, na súa IV edición do ano 2006. Pero non foi o xa citado de As Pontes o único galardón que recibe Diana Varela, porque no mesmo ano 2006 gañou tamén o Premio “Díaz Xácome”, convocado polo Concello de Mondoñedo. Ten participado igualmente en recitais poéticos en distintas localidades de Galicia ou Barcelona.

*Animal abismo* é un poemario ternario. Hai nel un diáfano movemento de tese-antítese-síntese que se acompasa coa tríade de seccións das que se compón a obra: “Limbo”, “Delirio” e mais “Endimión”

“Limbo”, o capítulo cabezaleiro, reúne unha quincena de composicións nas que Varela Puñal deixa fluír unha voz muda, que descende ata os fondos abisais na procura do ser límbico, desa Alma animal ou Animal ánima que agochamos nos dedentos. É unha viaxe cósmica, regresiva, unha ascese silenciosa e desposuidora, un profundar nun non Tempo e un non Lugar

*anteriores á conciencia. E é aquí, teño de dicilo, onde están, a meu ver, os mellores versos da autora, nese mergullar espido cos “ollos abertos dentro do mar,/ auga por dentro/ materia que se desgrá,/ núcleo”. Ese mar que é “respiración que se presente,/ instinto,/ continuidade”, pélogo ante o que a voz lírica “Peixe ancestral reptá,/ busca refuxio/ na atmosfera esluída,/ resoa o mar/ no fondo das tempas.”, sempre o arkhé mariño, sempre “O eco do mar/ na orixe da conciencia”.*

*Veñen despois dúas ducias de poemas do “Delirio” que nos humaniza, textos que nos defrontan coas derrotas da Ánima, co desnortamento do Animal que somos, empeñado na devastación doutros seres, na aniquilación dunha Natureza na que non sabe recoñecerse, da que esqueceu que é fillo.*

*Por remate, “Endimión” é a benfadada Estrela Polar que nos redimirá das nosas miserias: o Amor como única resposta esperanzada a tanta iniquidade e tanto desvarío. Mais non un amor calquera, senón a paixón de Endimión, o pastor mitolóxico que bica Diana baixo o manto protector dos lueiros de Selene, pois moita e moi ben posprocesada mitoloxía hai nos versos de Varela Puñal —e tamén moita poesía do 27 e moito Juan Ramón e moito poeta galego dos 90 e primeiros dousmil e moita clásica dicción kavafisiana e... —, que enferra aquí nun neorromanticismo de novo selo ben xenuíno e singular.*

*Cómpre volver á Ánima, deixar que fale en nós o Animal que nos habita, escoitar estourar nas tempas o latexo de Xea e aprehender do cántico vitalista de Diana Varela Puñal que hai futuro se hai Endimión. “Ainda na escuridade,/ a intuición da beleza”.*

